



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A ENTIDADE COLABORADORA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA PARA A ENTREGA E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DAS AXUDAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DOS BONOS ACTIVA COMERCIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia Pérez, **DECLARA:**

Que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación formalizou o día 8 de abril de 2021 con Abanca Corporación Bancaria, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de abril de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e distribución dos fondos das axudas económicas que van ser convocadas para fortalecer o sector comercial retalista de Galicia, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico derivado do cese e das restricións da actividade comercial como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, no marco das actuacións estratéxicas do Goberno galego para facer fronte á crise causada pola COVID-19, procedeu





á convocatoria de concesión de axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista de Galicia, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico derivado do cese e das restricións da actividade comercial como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

A axuda faise efectiva a través dos bonos Activa comercio que poden ser utilizados nos establecementos comerciais retalistas radicados en Galicia e adheridos ao programa.

Os usuarios dos citados bonos Activa comercio son as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo a campaña de dinamización e reactivación económica do seu comercio de proximidade.

A entidade Abanca Corporación Bancaria, SA, conforme á Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación do 16 de marzo de 2021, resultou seleccionada como entidade financeira colaboradora na entrega e distribución dos fondos do programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos bonos Activa comercio.

Ambas partes, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación dos servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordaron subscribir o instrumento convencional arriba referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional arriba referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de xuño de 2021.

